



ROGO PARA A LIMPEZA E ACONDICIONAMENTO DO LAVADOIRO DE CONXO DE ABAIXO E DO CAMIÑO QUE CONECTA COA GLORIETA DA SC-20

A concelleira que subscribe, pertencente ao Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Non é a primeira vez que o Grupo Popular presenta unha iniciativa sobre a fonte e lavadoiro público de Conxo de Abaixo, ao igual que o ten feito con outras a título individual e con outras con carácter xeral, conscientes da importancia de preservar este patrimonio cultural, a pesar da indiferenza coa que vén actuando o Goberno local ao respecto.

No caso deste patrimonio público radicado en Conxo de Abaixo, a unha iniciativa anterior presentada hai máis de un ano –concretamente no Pleno de outubro de 2017- para a súa limpeza e acondicionamento, o concelleiro responsable de Medio Ambiente afirmou de forma tallante que o que se solicitaba daquela “está feito desde o principio da semana”.

Como se pode apreciar nas fotografías comparativas que se acompañan, a limpeza que se levou a cabo foi moi superficial e parcial –sen continuidade no tempo- e sen incluír nin a reposición da auga na fonte e no lavadoiro nin un mínimo acondicionamento dun contorno, tal e como se solicitaba expresamente na iniciativa, a pesar da súa profunda degradación pola presenza de vellos materiais de obra que permanecen acumulados no lugar, quizais como excedentes dalgunha actuación anterior nas proximidades.

A maiores desta situación, na actualidade o camiño que conecta esta zona do lavadoiro coa glorieta da SC-20 en Conxo, que discorre en paralelo ao trazado do vial de alta capacidade, atópase inzado de maleza e en malas condicións, dispoñendo dun unicamente dun pequeno carreiro para o tránsito peonil, a pesar da súa utilidade para a mobilidade da zona.

Temos que volver a insistir na incongruencia que supón a actitude do Goberno de Compostela Aberta con este abandono dos conxuntos etnográficos, posto que mentres se destinan recursos a actos culturais, supostamente para a súa posta en valor, con puntuais e lixeiras accións cosméticas, se manteñen no máis absoluto esquecemento durante todo o ano a maioría destas mostras de arquitectura popular que achegan historia e personalidade a moitos barrios e lugares.

Tendo en conta o anterior, formúlase o seguinte rogo:

Que o por parte do correspondente órgano do Goberno municipal se dean as instrucións precisas para limpar a fonte e lavadoiro de Conxo de Abaixo e acondicionar o seu contorno, incluíndo o camiño que conecta o lugar coa glorieta da SC-20 en Conxo, para dignificar un enclave e unha construción popular que forma parte da historia de Conxo e da súa veciñanza.

Santiago de Compostela, a 7 de xaneiro de 2019

María José Castro Carballal

ANEXO FOTOGRÁFICO



Á esquerda, o lavadoiro en 2017 e á dereita na actualidade



A fonte sen auga e o lavadoiro sen limpar



Dúas imaxes do camión que conecta coa glorieta da SC-20

